

Xiana saíu da súa casa o sábado pola noite, levaba unha saia preciosa, de cor negra, que comprara nunha tenda que abrira na súa rúa a semana pasada. Un top vermello con volantes nas mangas e un debuxo dunha nena nas costas. Aínda que isto, non importaba, nin importou, nin importará nunca. Quedara coas súas amigas nunha discoteca famosa da vila, era o cumpleaños de Lucía, unha das súas mellores amigas. Para chegar debía camiñar ata a estación de autobuses, xa que vivía nunha casa dentro dunha urbanización fóra da vila. Logo collería o bus, que a deixaría a poucos metros da discoteca.

Saíu do portal e comezou a andar, tranquila, serena, a ilusión reflectíase incesante nas súas meniñas, na festa seguramente se encontraría un rapaz que lle gustaba moito e co que levaba tempo falando. Xirou na primeira curva que facía aquela rúa infinita, que estaba chea dunha brétema espesa que intercedía latosa entre os pés de Xiana. Seguiu camiñando, non sabía a razón, pero tiña unha sensación no corpo que fluctuaba efémera por todos os seus sentidos, a inquietude apoderouse da súa mente, ela non o entendía pero sentía que unha ameaza perigosa estaba a caer sobre as súas costas. Decidiu coller as chaves do bolso e poñelas entre os seus dedos, fortes, firmes, impetuosas, e seguiu camiñando, sen parar, sen correr nunha ordinariedade que sinalaba o comezo dun caos, ao igual que a calma antes da treboada.

Cando volveu facer un xiro na estrada xa encontrou de fronte a súa ansiada estación de autobuses. Xa lle quedaba pouco para chegar. Nese momento, aquel pequeno edificio era a maior arela que podería conseguir en toda a súa vida. Xa estaba casi, aos pés, quedáballe un ínfimo intervalo de tempo, que rematou sendo eterno. Cando menos o esperaba, unhas mans collérona polas costas e tapáronlle a face. Ela xa o sabía, esperábao, a intuición era unha das súas mellores virtudes. Intentou berrar, pero as súas cordas vocais non eran capaces de facer máis que pequenos sonidos guturais. Que aínda que foran casi inaudibles eran a mellor definición da angustia, a desesperación e a dor. Intentou soltarse por todos os medios, pero non era capaz, aquel ser atroz era demasiado forte. As bágoas comezaron a xurdir dos seus ollos. Pola súa mente pasaron como fotogramas dalgunha desas películas antigas todos os recordos dos seus 16 anos de vida. A praia, as noites con mamá, as competicións de natación, o recendo do océano e a salinidade curativa, o seu primeiro bico, os seus avós, irmán, pais. Todo, en milésimas de segundo, un todo o cal ela cría fortemente que dentro de pouco tempo sería nada. Quedaría reducido ás cinzas dunha vida que puido, e desexou ter, os seus plans de futuro queimados, no lume de mentes fatídicas impulsadas polos pensamentos da sociedade. O home intentou levala cara ao seu coche, ela intentaba resistirse, e el deulle uha labazada, a dor foi infinita, non só afectou á face, senón que chegou moito máis fondo, intensamente, como unha navalla, ata a súa alma. A angustia facía que os seus pulmóns se encolleran ata ser case microscópicos. A súa vista estaba invadida por unha brétema persistente que intentaba mostrar un futuro que era capaz de descubrir. Cando todo estaba perdido, cando a mente de Xiana xa decidira viaxar a outros mundos, porque o que vivía era un terrible pesadelo. As pantasma de todas aquelas historias que escoitamos nos telediaros, que pasan pola nosa mente, como rutina, como hábito, como algo que pasa, pero que

realmente aféctanos os segundos que pasan por diante da nosa pantalla, como diapositivas dunha presentación da atroz realidade que invade o mundo. Arrepentimento, sería culpa súa? Preguntábase, fixera algo mal? Non debería saír da casa. Xiana sentía sensentidos na súa alma, xa destrozada. Xiana equivocábase, ao igual que se equivoca a educación que lle instaurou dende moi pequena a sociedade, o patriarcado, os políticos, os comentarios públicos, as tertulias. Porque todos se equivocan e ningún se da conta. Porque cando os terribles fotogramas que pasan pola nosa televisión mentres comemos nos importen máis que uns segundos, aprenderemos. Porque ela non tiña ningunha culpa, porque da igual o que fixera, como fora vestida, como falara, ou se os seus beizos estaban pintados ou non. Xiana xa vía todo perdido, as forzas esvaraban do seu corpo como gotas de auga que corren pola ventá nun día de choiva. A treboada estaba instaurada na súa cabeza, os raios atravesaban o seu corazón, estaba no ollo do tornado. E de súpeto, como un alo de esperanza, como aquela mostra de fe, como esas aparicións das que falan en todas as relixións, seres de luz, aínda que algúns chámanos virxes ou Santos. Ela chamábase Uxía. Correu a por Xiana, como se da última carreira da súa vida se tratara. Chamou á policía e conseguiron chegar para poder encerralo e levalo á comisaría.

Xiana tivo que declarar, revivir outra vez todos aqueles feitos, miles de trámites, revisións médicas, bágoas, dor. Xiana non volveu a ser a mesma dende aquela noite, as súas meniñas xa non reflectían a mesma ilusión, os seus beizos xa non dicían as mesmas palabras, os seus sentidos agudizáranse, o medo estaba instaurado no seu corpo. Un pequeno anaco da súa alma marchara naquela noite. Pegada de lume que perseverou na súa face ata o fin dos seus días. Pantasmas implantados na súa mente, que revolverían a parte máis interna do seu corazón cada vez que chegaran a súa cabeza. Caixa de Pandora instaurada na súa alma, que non podería pecharse nunca.

Xiana tivo que enfrontarse ao seu agresor nun xuízo e volver a revivir aquela desgracia. A aquel monstro poñeríanlle 9 anos de prisión, que por boa conducta se reducirían a 6. Sairía dentro de 4 e volvería a estar na rúa. Porén, Xiana tería que estar en tratamento psicolóxico toda a súa vida, nunca volvería a confiar nun home, nunca volvería a confiar en ela mesma.

E isto non é ficción, porque España rexistra cada 4 horas unha denuncia por violación. Porque dende 2003, hai 1139 asasinatos por violencia de xénero. Porque o 97% das mulleres sufriron algunha agresión ou abuso sexual. Porque para a maioría da sociedade que le isto, simplemente serán datos. Números, cantidades irreverentes, impertérritas, invisibles. Porque cada díxito ten nome. Porque son Ana, Clara, Diana, María, Paula... E cada unha ten pais, irmáns, fillos. E porque ata que á sociedade lle importe cada unha delas non conseguiremos facer nada, mentres se permita que se digan barbaridades públicamente sobre os dereitos das mulleres, mentres se deixe que un partido chame "violencia doméstica" a algo que si que ten xénero, porque non hai máis que analizar os

datos, para saber que só ten un nome. Ata que cambiemos a educación, ata que lles ensinemos a eles a non facer dano non a elas a ter medo, ata que haxa igualdade, ata que o machismo se erradique. Son arelas difíciles de conseguir se a humanidade non cambia. Aínda así, hai moitas mulleres como Uxía, que seguen loitando, que axudan e que son fortes. Somos fortes. Cada vez hai máis mulleres feministas. É necesario instaurar isto nas seguintes xeracións. O mundo necesita un cambio e só nós podemos facelo. Por Xiana e por todas, porque xuntas seremos invencibles. Por elas, polas que veñen, polas que xa non están, polas que foron, por ti, por min e por todas.